

EL COMERCIO SALVA AL COMERCIO EL COMERÇ SALVA AL COMERÇ

El comercio de Comercio Punto Compostela salva al comercio afectado pola Dana

19 comercios da Asociación Comercio Punto Compostela CCA contribúen á reapertura dos comercios danados pola riada en Valencia.

Baixo o lema “el comercio salva al comercio” os comercios de Santiago adquiren bolsas de papel ECO; bolsas versátiles para todo tipo de compras, ecolóxicas e reutilizables que podes atopar en comercio como:

- Sumptuos
- Cousalinda
- Marga Charol
- Librería San Pablo
- Trisquel Artesanía
- Mónica Picallo
- Grupo Solux
- Sucre&Firence
- A Zoca Voadora
- Veguay
- Don Regaliz
- La Femme
- Fiuncho
- EscondiT
- Energía Zen
- Calzados Seijas
- Floristería Embora
- Marabillas
- Joyería José Antonio

Os 19 establecementos adheridos á Asociación Comercio Punto Compostela CCA, uniron forzas para apoiar os comercios que foron afectados pola DANA a través da Confederación de Empresarios del Comercio, Sercios y Autónomos de la Comunidad Valencia (Confecomerç) que como Confederación das pemes, micropemes e autónomos do comercio e servicios da Comunidade Valenciana son canalizadores da axuda dirixida as asociacións de comerciantes e establecementos das localidades afectadas pola DANA a través, entre outras iniciativas da adquisición de bolsas solidarias.

Esta iniciativa non só busca recadarar fondos para a rehabilitación destes negocios, senón tamén visualizar o esforzo conxunto da comunidade empresarial para superar os danos provocados por este fenómeno meteorolóxico. Al bolsas adquiridas polos membros da Asociación contan cun deseño exclusivo e están dispoñibles para a clientela dos comercios participantes. Con cada compra contribúe directamente á campaña de apoio os afectados, axudando a recuperación dos comercios que sufriron perdas importantes debido as fortes choivas. A Asociación Comercio Punto Compostela CCA fai un chamamento a cidadanía para que se sume a esta acción solidaria e apoie o Comercio Local xa que somos o motor da economía da Cidade. Asociación Comercio Punto Compostela CCA é unha Asociación sen ánimo de lucro que agrupa máis de 200 comercios e traballa arreo en prol do Comercio Local e de proximidade. A través de diversas iniciativas, Campañas de Dinamización etc A Asociación busca fortalecer o tecido empresarial de Santiago de Compostela e a súa contorna.

MÁIS INFO SOBRE A CAMPAÑA:

<https://elcomerciosalvaalcomercio.es/>

<https://youtu.be/We3sUCv3Kq4>